



R patrocina a “Open Science” e volta a Cambre cos seus talleres de tecnoloxía crea R para a rapazada

- ***R é patrocinador, un ano máis, da feira da ciencia e da sostibilidade de Cambre, e volta mañá sábado 17 á localidade coruñesa co seu programa crea R, obradoiros tecnolóxicos para cativos e cativas.***
- ***O operador galego mantén a súa aposta pola formación tecnolóxica dos/as máis pequenos/as e xa son arredor de 3.300 rapaces e rapazas os/as que teñen desfrutado dos talleres didácticos da acción crea R.***
- ***Dende hoxe e durante esta fin de semana a nova edición da “Open Science” Cambre seguirá a promover o coñecemento da ciencia aberta, sostible e responsable, levantando á vez pontes entre investigadores e axentes educativos.***

Venres, 16 de setembro de 2022.- Coma fixera na edición anterior, **R** intégrase este ano na feira da ciencia de Cambre, “Open Science” -da cal o operador galego é patrocinador- cun plan didáctico pensado para vivir en familia, e co que todos/as poidan achegarse un anaco máis ás novas tecnoloxías. O espazo da feira é, desta volta, o parque da Igrexa de Santa María de Cambre, referente ineludible do románico do rural galego, co que a innovación e o patrimonio histórico da vila emparellan neste foro que aposta, sobre todo, por compartir coñecemento.

Os talleres do programa **crea R** regresan, pois á “Open Science” Cambre co propósito de incidir na aprendizaxe e no emprendemento fomentando, dun xeito lúdico, as habelencias emocionais e sociais en nenos e nenas de 7 a 12 anos. Mañá sábado 17, entre as 12:00 e as 14:00 h, os/as peques poderán achegarse a conceptos básicos de condutividade e electrónica; e aprenderán a deseñar tamén as bases dun sistema automatizado de rega.

Tres talleres temáticos: curtocircuitos, pilas+leds e rega intelixente

Haberá na feira da ciencia tres tipos de talleres para a rapazada:

Sala de operacións. Taller para nenas e nenos de 7 e 8 anos.

Dunha maneira educativa e divertida, mediante a creación dun 'xogo de operacións' que deseñarán e programarán ao seu gusto, os/as pequenos/as aprenderán conceptos básicos de condutividade e sinais dixitais, así como o funcionamento dun curtocircuíto. Todo iso, a través da chamada placa *microbit* e de diferentes elementos electrónicos.

Un conto con tinta condutiva. Taller para nenas e nenos de 9 e 10 anos.

Creando tinta condutiva aprenderán a integrar conceptos de electrónica con pilas e elementos condutores. Cando saiban como funcionan, artellarán un conto para finalmente engadirlle luces *led* á súa historia.

Sistema de rega intelixente. Taller para nenas e nenos de 10 a 12 anos.

Aprenderán a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e a temperatura das plantas para **saber cando deben regarse**, baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais, crearán, dunha forma visual e amigable, un sistema que sirva para comprender os datos obtidos.

R mantén a súa aposta permanente pola formación tecnolóxica dos/as máis pequenos/as e xa son arredor de 3.300 rapaces e rapazas os/as que teñen desfrutado dos obradoiros tecnolóxicos de crea **R** dende o inicio da súa andaina.

Para apuntarse aos talleres e coñecer máis detalles dos obradoiros crea **R** en Cambre, este enlace contén toda a información: <https://mundo-r.com/crea>

Prohibido non tocar!

As feiras de ciencia son un espazo onde os/as investigadores/as novos/as e adultos/as lles mostran as súas experiencias ao público fóra das escolas, universidades, museos ou centros de investigación para compartir os seus traballos en lugares comúns como prazas, parques ou centros comerciais.

A "Open Science" Cambre escolleu desta volta os xardíns da fermosa igrexa románica de Santa María de Cambre para desenvolver este evento ao que **R** se suma como patrocinador coa idea de revalidar a súa aposta pola ciencia en Galicia e por iniciativas educativas e didácticas que enfoquen o desenvolvemento sostible como prioridade.

Liberada das restricións que impuxera na edición anterior a crise sanitaria, "Open Science" Cambre exhibe plenamente este ano a súa condición de **feira aberta** onde está **prohibido non tocar e non copiar**. Os recursos educativos son libres, así coma o *software* e o *hardware*. E por enriba de todo, a ciencia, a ciencia cidadá, esa que poden tocar e experimentar de preto as persoas, ten un enorme protagonismo neste evento científico de Cambre para todos os públicos.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal